

---

## UNHA NEGOCIACIÓN SEN GARANTÍAS, SEN TRANSPARENCIA, SEN PARTICIPACIÓN

O xeito en que se está a levar adiante a negociación do vindeiro convenio colectivo introduce unha serie de cambios que poden marcar un perigoso precedente para os intereses dos traballadores e traballadoras. É evidente que á empresa lle interesa negociar só cos seus socios sindicais, é a maneira de garantir un resultado que lle favoreza aínda máis, pero nunca se atreveran a deixar fóra da negociación a todas as demais forzas sindicais como fan agora.

É curioso que cando nos eidos social e político aparecen cambios na transparencia e na participación da cidadanía, cambios provocados por novos actores que forzan tamén a moverse ao resto dos partidos políticos, en Telefónica damos pasos cara atrás, provocando un grave retroceso democrático, indo cara unha negociación onde non hai ningún tipo de transparencia nin de participación do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Sabemos que CCOO e UGT levan anos movéndose nun terreo perigoso, pactando recortes cos gobernos do PP e do PSOE a cambio de privilexios para eles. Somos conscientes da historia recente e do custo que isto ten significado para os dereitos laborais, o que acontece en Telefónica é un chanzo máis nesta carreira por liquidar os dereitos laborais da clase traballadora.

**Os acordos que asinan as patronais con CCOO e UGT serven para perpetuar un modelo sindical que lles favorece, permitíndolles recortar dereitos laborais e manter o control para que o conxunto dos traballadores non teñamos capacidade de resposta. A estratexia deseñada nesos acordos é levada posteriormente ás empresas nas que despois se lles dá forma concreta, vémosto agora en Telefónica.**

Todos e todas vimos como foi a empresa a encargada de marcar o inicio da negociación, foi Telefónica a primeira que fixo pública a súa intención de negociar un convenio para tres empresas do grupo, tamén vimos como os seus socios sindicais, despois da escenificación teatral á que nos teñen afeitos, acabaron por facer o que o patrón lles ordena.

A CIG estivemos atentos a todo este paripé conscientes da manobra que se estaba a executar: **afastar aos traballadores e aos seus órganos de representación da negociación do convenio**, e o 30 de xuño remitimos a Telefónica un escrito reclamando o noso dereito a estar na mesa negociadora. A resposta da empresa non se fixo esperar, denegándonos o dereito a formar parte do proceso o que motivou que dende a CIG se reclamase pola vía xudicial.

Semella claro que o mellor para os traballadores e traballadoras de Telefónica SAU sería negociar un convenio propio coa participación dos órganos de representación e da propia plantilla, rematando o proceso cun referendo, deste xeito chegaríamos a un acordo lexitimado de maneira directa polos propios traballadores. Posteriormente poderíase abrir un proceso negociador para incorporar na nosa empresa ao persoal de Móviles e T. Solucións, como se fixo co persoal de Terra, procurando ademais evitar os erros que se teñen cometido no proceso de incorporación dos traballadores de Terra, con cuestións que posteriormente se levaron pola vía xudicial.

Podería ter algunha lóxica ese convenio de empresas do grupo se a situación fose diferente, se por exemplo falásemos de tres empresas de tamaño similar con condicións laborais semellantes pero non é o caso. Non se pode equiparar o tamaño de T. España con T. Solucións ou mesmo con Móviles, tampouco as condicións laborais son moi semellantes e, non debemos esquecerlo, foi a propia Telefónica quen rachou a matriz creando as outras empresas cando lle interesou.

Tamén hai outra cuestión que debemos ter en conta, a realidade é que na maioría dos casos é o persoal de Móviles o que está a traballar para T. España, moitos coordinadores, xefes, xerentes... de T. España son de Móviles. Hai traballadores de Móviles inseridos directamente nas quendas e actividades de departamentos de T. España co que o lóxico sería que ese persoal se incorporase na nosa empresa. Dende a CIG non atopamos razóns, dende o punto de vista dos traballadores e traballadoras, para este tipo de convenio, se a empresa aposta por ese modelo de negociación é por interese propio.

**Despois de varias xuntanzas do Comité Intercentros, co conseguente teatro dalgunhas forzas sindicais, o día 2 de xullo os votos de CCOO e UGT serven para deixar fóra da negociación ao propio Intercentros e polo tanto aos traballadores de T. España, entrando a negociar un convenio de empresas vinculadas da maneira que lle interesa a Telefónica, mantendo na mesa negociadora só aos seus socios sindicais.**

O 8 de xullo celébrase a primeira reunión, constituíndose a mesa negociadora á que se lle pretende dar lexitimidade na propia xuntanza, despois houbo máis reunións (9, 22, 29 de xullo e 9 de setembro), sabémolo polos comunicados que recibimos os traballadores mais non hai información oficial delas. O Comité da Coruña **non recibe información algunha**, non hai actas nin se fan públicos os documentos sobre os que se traballa nesas reunións.

Só coñecemos a plataforma que o Comité Intercentros aprobou o 15 de xullo, a plataforma de CCOO e UGT que se aprobou só cos seus votos. Este texto, que seguramente acabará no lixo ás primeiras de cambio, incorpora cuestións que para nós son moi preocupantes. Sen entrar a facer unha análise moi fonda do documento, a experiencia en Telefónica demostra que a plataforma da representación social non serve de case nada, podemos mencionar varias cuestións:

- O redactado volve ser o suficientemente ambiguo e baleiro de contido para non recoller compromisos claros cos traballadores e traballadoras.
- Asíumense recortes e problemas ocasionados polo actual sistema de negociación permanente, as “mesas de ocultación permanente”, en Comercial, Operacións, Clasificación Profesional... e insiste novamente en perpetuar este modelo negociador que tanto ten beneficiado á empresa a costa dos nosos dereitos.
- Sobre o incremento salarial é curioso que pidan que sexa maior que o que eles mesmos asinaron no acordo coas patronais pero esquecen os aproximadamente 4.000 € que nos roubaron a cada un de nós na falsa prórroga, non debemos esquecer outras cuestións que tamén se recollen nese acordo referido a mobilidade funcional ou á estrutura salarial. É unha lectura moi aconsellable o propio acordo <http://www.cigtelefonica.com/2015/BOE-A-2015-6865.pdf> para que sexamos conscientes do que se lle asinou ás patronais e as consecuencias que traerá na negociación dos convenios.
- Asumen que hai que facer un seguimento das dispoñibilidades para ver que se cumpre a normativa laboral e que se debe garantir que non se fan traballos programados nese tempo. Hai que lembrar que o acordo das dispoñibilidades atenta contra a conciliación da vida laboral e persoal e permite xornadas laborais de máis de 15 horas, co elevado risco para a saúde dos traballadores que iso supón, e lembrar tamén que na Coruña se eliminaron de luns a venres despois de levar este tema á Inspección de Traballo. O que debería aparecer na plataforma sería unha proposta para eliminar o actual acordo de dispoñibilidades obrigatorias.

Dende a CIG seguiremos esixindo información e participación, seguiremos reclamando que calquera acordo sexa referendado polos traballadores e traballadoras, e seguiremos informando de todo canto poidamos.

**Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!**

A Coruña 16 de setembro de 2015